



Expediente número: PLN/2019/8

ACTA

**Sesión Extraordinaria 8/2019 celebrada polo
Pleno do Concello o día 12 de xuño de 2019.**

ORDE DO DÍA

PARTE RESOLUTIVA

**1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria 7/2019 do
09/05/2019**

PARTE DE CONTROL

2. Actividades de control do pleno.

2 . 1 Dar conta das Resolucións de Alcaldía.

Na Casa do concello, no salón de sesións de plenos, e sendo as nove horas do 12 de xuño de 2019 coa presidencia do sr. Alcalde en funcións, Javier Bas Corugeira, e a asistencia dos/as seguintes concelleiros/as en funcións:

GPM PP

Arturo González Barbeiro

María del Carmen Amoedo Dasilva

Jesús Crespo López

Miguel Ángel Álvarez Ballesteros

María Teresa París Blanco

Julio César Mougán Vázquez

María José Barciela Barros

Ángela Antón Pazos



GPM PSdeG-PSOE

Ana Isabel Rey Gómez

Leonardo Cabaleiro Couñago

Digna Rosa Rivas Gómez

Isaac Borja Araújo Figueroa

Alberto Álvarez Pérez

GPM AER

Xosé Covelo Míguez

Noé Cano Correa

Juan Roberto Darriba Ferradás

GPM BNG

Xoán Carlos González Campo

NON ADSCRITO

Enrique Fojo Durán

Asiste o interventor do Concello, Angel Santamariña Rivera e actuando como secretaria, a secretaria accidental, Paloma Meno Rodríguez.

Unha vez verificado pola Secretaria o quórum e a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, da que estendo a presente acta.

INCIDENCIAS:

Non asisten, os concelleiros en funcións do GPM PSdeG-PSOE, Eduardo José Reguera Ocampo e de AER, Javier Bastos Devesa.

Con carácter previo ao tratamento dos asuntos incluídos na Orde do Día, a Corporación garda un minuto de silencio en lembranza das vítimas da violencia de xénero e violencia contra a infancia.



CONCELLO DE REDONDELA

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria 7/2019 do 09/05/2019.

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria número 7/2019 do 09/05/2019.

INTERVENCIONS.-

A concelleira en funcións París Blanco respecto á intervención na súa comparecencia, no último parágrafo cando se recolle *Xeodestino do Baixo Miño*, advirte que hai que correxilo porque a súa denominación é *Xeodestino Ría de Vigo-Baixo Miño*.

VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometido a votación o mencionado borrador, apróbbase nos seus propios termos coa advertencia sinalada, por unanimidade dos/as concelleiros/as en funcións presentes (09 do PP, 05 do PSdeG-PSOE, 03 de AER, 01 do BNG e 01 do concelleiro non adscrito).

PARTE DE CONTROL

2. Actividades de control do pleno

2.1 Dar Conta das Resolucións de Alcaldía.

O Pleno queda informado das resolucións de Alcaldía.

O sr. Alcalde en funcións interveñe agradecendo o esforzo feito durante estes anos, desexa que as portas do concello segan abertas, e facilita aos concelleiros e concelleiras polos traballos que fixeron por un servizo público digno.

E sendo as nove horas e cinco minutos do día indicado no encabezamento, o sr. Alcalde en funcións dá por rematada a sesión, da que se redacta a presente acta e da que, como secretaria, dou fe.